

BASES DE PARTICIPACIÓN SORTEO MEXILLÓN DE GALICIA

Feira da Conserva Vilanova de Arousa 27, 28 e 29 de agosto 2021

O Consello Regulador do Mexillón de Galicia (en diante CR Mexillón de Galicia) invítache a participar no sorteo “Escanea tantos códigos como queiras!” escaneando os códigos QR que queiras do rótulo de logotipos de empresas certificadas pola Denominación de Orixe Protexida Mexillón de Galicia que se expón na nosa haima durante o horario de apertura ao público da Feira da Conserva de Vilanova de Arousa 2021.

A través da páxina de Facebook e Instagram de Mexillón de Galicia facilitarase toda a información para a participación.

1. REQUISITOS PARA PARTICIPAR

- Poderán participar persoas maiores de 18 anos, residentes no territorio español.
- A participación no sorteo supón a aceptación das presentes Bases do sorteo.
- Non poderán participar no sorteo os/as traballadores/as do CR Mexillón de Galicia.

2. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Cada participante poderá escanear todos os logotipos que queira as veces que queira, sempre gardando as condicións de organización e seguridade pola COVID-19. So darase un premio por participante.

O premio é persoal e intransferible e non poderá ser trocado por diñeiro en efectivo ou outro produto.

3. PERIODO DE DURACIÓN DO SORTEO

O sorteo celebrarase de forma presencial na haima da Denominación de Orixe Protexida na Feira da Conserva de Vilanova de Arousa, no horario de apertura ao público: de 11:00h. a 15:00h. e de 19:00h. a 23:00h. o 27, 28 e 29 de agosto de 2021.

4. PREMIOS

Un programa informático de forma aleatoria comunicará na pantalla do dispositivo electrónico do participante se o escaneo está premiado.

O premio está formado polo seguinte lote de produtos:

- 5 conservas da exclusiva degustación de Mexillón de Galicia DOP en escabeche
- 1 marmita para cociñar mexillóns
- 1 mandil
- 1 luva de cociña
- 1 bolsa de xute reutilizable
- 2 folletos-receitarios en galego e 2 en castelán

A entrega do premio ás persoas participantes gañadoras efectuarase no enderezo postal facilitado, na maior brevidade posible, correndo os gastos de envío de conta do CR da DOP Mexillón de Galicia. O prazo máximo de entrega estimado é de 2 semanas dende a finalización da Feira da Conserva.

5. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento co establecido na «Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais» e demais normativa aplicable, CR Mexillón de Galicia informa aos participantes que os datos persoais obtidos por ser premiados neste sorteo serán empregados exclusivamente para o desenvolvemento de accións promocionais (por medio de teléfono ou correo electrónico), de carácter xeral ou adaptadas ás súas características persoais.

Poderán en calquera momento exercer de balde os dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión, limitación e/ou portabilidade. Para iso, deberán escribir un correo coa súa solicitude a info@mexillondegalicia.org, debendo acompañar fotocopia do documento nacional de identidade, data, sinatura e enderezo a efectos de notificacións.

Ademais, informámoslle de que pode exercer o seu dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

6. LEI APLICABLE E XURISDICIÓN

As Bases do presente sorteo réxense pola lei española.

CR Mexillón de Galicia e os participantes, con renuncia expresa a calquera outro foro, sométense aos Xulgados e Tribunais de Galicia.

7. PARTICIPACIÓN DAS PERSOAS PARTICIPANTES E RESERVA DE DEREITOS

Coa súa participación no sorteo, as persoas participantes aceptan as presentes bases, que regulan o mesmo e autorizan a CR Mexillón de Galicia a publicar o seu nome se resultan gañadoras.

O CR Mexillón de Galicia resérvase o dereito de tomar as medidas oportunas para asegurar o correcto funcionamento do sorteo.

En particular, o organizador poderá proceder a:

1. Modificación e borrado das nosas redes sociais de calquera contido duplicado e/ou erróneo; que se considere ofensivo, injurioso, discriminatorio; que incite ao odio, que ataque directamente ás persoas en función de raza, etnia, nacionalidade, relixión, orientación sexual, xénero ou identidade sexual, discapacidade ou enfermidade grave ou calquera outro que poidan resultar lesivos para a sensibilidade dos usuarios ou

vulnerar dereitos de terceiros; que se considere fora de contexto ou calquera outro criterio que o CR Mexillón de Galicia crea conveniente.

O CR Mexillón de Galicia resérvase o dereito de suspender ou eliminar aquelas aportacións ou comentarios que incumpran estas condicións.

2. A persoa participante obrígase a non empregar as nosas redes sociais para a realización de actividades contrarias ás leis, á moral, á orde pública e, en xeral, para realizar actividades publicitarias ou de explotación comercial, ou para manter valoracións en ton ameazante ou non cordial.

No caso de que se descubriera, ben de forma directa ou a través de notificacións ou requirimentos de terceiros, a existencia de tales prácticas ou similares, poderase proceder á eliminación dos contidos infractores ou calquera outra medida que considere necesaria para evitar a continuidade na situación detectada. Idéntica medida será aplicable no caso de que se detecte unha utilización que, polas súas características tales como tamaño, formato, etc., dificulten o funcionamento das nosas redes sociais, contidos ou ligazóns propagandísticas, spam e comentarios repetidos, así coma os que non teñan sentido ou estean fora do tema do sorteo.

Sen prexuízo do anterior, a persoa participante asume que o CR Mexillón de Galicia porá no coñecemento das autoridades administrativas ou xudiciais aqueles feitos que puideran ser constitutivos dunha actividade ilícita, sen necesidade de comunicalo previamente á persoa participante.

As persoas participantes no sorteo, co mero envío de comentarios, autorizan ao CR Mexillón de Galicia a publicar estes nas súas edicións impresas, e en calquera momento poderán exercer os dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión, limitación e/ou portabilidade respecto de dita autorización dirixíndose por escrito ao CR Mexillón de Galicia con enderezo en Avenida da Mariña, 25 - 1º, 36600, Vilagarcía de Arousa, Pontevedra; debendo acompañar a súa solicitude indicando a conta de usuario empregada e fotocopia do documento nacional de identidade, data, sinatura e enderezo a efectos de notificacións.